




A estas oracións
fáltanlles estes signos
de puntuación.
Poderías escribilos nos
lugares axeitados?



1. Xulio volveu a casa fixo os deberes ceou e foise dereito á cama.
2. Cando queiras vir á miña casa chámame antes.
3. Nacho o meu curmán acaba de conseguir o primeiro premio no concurso de ortografía.
4. Esta tarde teño unha chea de cousas que facer estudar regar as plantas xogar un pouco co meu irmán ler o libro que me regalaron polo meu cumpre e acompañar á miña irmá a mercar unha mochila.
5. A policía segundo informaron as testemuñas tardou moito en chegar.
6. Pensaba vender a casa pero os fillos fixéronlle cambiar de opinión.
7. Mamá di papá que a cea xa está preparada.
8. A mestra dixo "Mañá iremos todos a ver a exposición".
10. Esa tenda vende de todo marmeladas verduras frescas refrescos produtos de panadería lácteos
12. Fasme un favor Carme? Pásame o sal.
13. Lumeeeee Veciños chamade aos bombeiros!

14. Querido Antón

Hoxe déronme unha gran noticia o sábado que ven iremos
todos ao torneo de xadrez!

15. A película como che dixeran empeza ás nove Queres vir
con nós

16. Os personaxes da obra quedan así o rei será Martín a raíña
Marta os cabaleiros Xurxo e Lois, e os bufóns serán Paco e
Pepe Parecevos ben así

17. Non hai froita que me desguste. Todas saben ben as mazás,
as cereixas, os figos, as peras



Podes engadir os
signos que lle faltan
a este texto tamén?



Querida Alicia

Onte fun a ver o espectáculo do meigo Sorrisos cos meus
compañeiros do colexio O seu chapeu estaba cheo de
sorpresas un coello varias pombas panos de cores
Antes de cada truco sempre dicía "Abracadabra" e despois
diso algo saía do seu chapeu
A parte que máis me gustou foi a de maxia con barallas de
cartas facíaas desaparecer aparecían noutra parte do
escenario adiviñaba a carta que tiñamos na man
Deixábanos pampos a todos e non parabamos de aplaudir

María Liste